

EXAME CONSERXE PARA O CEIP DE CARIÑO: ANO 2021

INSTRUCCIÓN

25 PREGUNTAS MÁIS 4 DE RESERVA QUE DEBERÁN SER CONTESTADAS, CON TRES RESPOSTAS ALTERNATIVAS, DAS QUE SOAMENTE UNHA SERÁ A CORRECTA. CADA RESPOSTA CORRECTA SUMARÁ 0,40 PUNTOS. CADA RESPOSTA INCORRECTA RESTARÁ 0,10 PUNTOS. AS RESPOSTAS EN BRANCO NON SUMARÁN NIN RESTARÁN PUNTOS. O PRESENTE EXERCICIO TEÓRICO PUNTUARASE CUN MÁXIMO DE 10 PUNTOS, QUEDANDO ELIMINADOS AQUELES QUE NON OBTENAN UN MÍNIMO DE 5 PUNTOS.

ACORDO DO TRIBUNAL POR UNANIMIDADE: Ao non establecerse nas bases da convocatoria nada ao respecto, o desempate na puntuación final (suma de proba teórica e proba práctica) resolveráse a favor da persoa que maior número de respostas correctas obteña nas preguntas de reserva;

1) A forma política do Estado Español segundo o artigo 1 da CE é:

- a) O Estado social e democrático de dereito
- b) A monarquía parlamentaria.**
- c) O Pluralismo político.

2) Segundo o artigo 6 da Constitución Española, qué son os partidos políticos:

- a) Os instrumentos fundamentais para a participación política.**
- b) Fórmulas de organización territorial do Estado.
- c) Instrumentos de promoción dos intereses económicos e sociais.

3) ¿Cal e o órgano competente para a aprobación da plantilla de persoal?

- a) O Pleno**
- b) O Alcalde-presidente
- c) A Xunta de Goberno Local

4) De qué órgano colexiado pode formar parte o conserxe de primaria?

- a) Consello escolar**
- b) Claustro
- c) Non pode formar parte de ningún órgano colexiado

5) Cando o último día do prazo sexa inhábil, entenderase:

- a) Rematado o día anterior a ese día.
- b) Prorrogado ao primeiro día hábil seguinte**
- c) Hábil ese día de maneira excepcional

6) Nun municipio de menos de 5000 habitantes debe prestarse como obrigatorio?

- a) biblioteca municipal
- b) parque público
- c) **cemiterio**

7) Un material polo que non pasan ou é moi difícil que pasen os electróns chámase:

- a) Semiconductor
- b) Conductor
- c) **Aislante**

8) Quen designa ao secretario/a do centro?

- a) **Director/a**
- b) Xefe/a de estudos
- c) Consello escolar

9) Indicar cal dos seguintes non está incluído na correspondencia básica?

- a) carta certificada
- b) tarxeta postal
- c) **carta urxente**

10) Das seguintes afirmacións hai unha que é falsa, cal?

- a) Os envíos de fax realízanse a través das liñas telefónicas.
- b) Algunhas fotocopiadoras poden ordenar e grapar os documentos fotocopiados.
- c) **As fotocopiadoras empregan clichés para realizar as fotocopias.**

11) Os procedementos de actuación de emerxencia deberá garantir:

- a) A detección e alerta.
- b) Asolicitud e recepción de axuda externa dos servizos de emerxencia.
- c) **As dúas son correctas.**

12) A humidade relativa nos locais onde existan riscos por electricidade estática está comprendida:

- a) Entre o 30% e o 70%
- b) **Entre o 50% e o 70%**
- c) Entre o 30% e o 80%

13) A máxima duración de un extintor, a partir do cal este deberá retirarse será de:

- a) 5 anos
- b) **20 anos**
- c) 10 anos

14) O filtro do aire dun equipo de aire acondicionado débese limpar:

- a) Cada mes
- b) **Cada dúas semanas**
- c) Cada seis meses

15) A auga a chorro é un axente extintor adecuado para o lume de:

- a) gases
- b) líquidos
- c) **sólidos (agás con presenza de corrente eléctrica)**

16) Son elementos do municipio:

- a) **Territorio, poboación e organización.**
- b) O pleno, a Xunta de Goberno Local e as Comisión Informativas.
- c) O territorio, o padrón municipal e a Casa consistorial.

17) Qué é unha zapata?

- a) Unha peza de goma axustable
- b) Un casquillo de goma semiríxido
- c) **Unha arandela de plástico semiríxida.**

18) O ascensor párase entre dous pisos e ordean ao conserxe que acceda ao cuarto de máquinas e intente poñelo en funcionamento:

- a) Éste cumprirá a orde recibida.
- b) **Avisará ao persoal técnico de mantemento do ascensor.**
- c) Cumprirá a orde recibida e inmediatamente avisará ao persoal técnico de mantemento do ascensor.

19) Cómo se debe limpar a suciedade dun patio escolar para que quede perfectamente desinfectado.

- a) Amoniaco
- b) Lexía
- c) **Ningunha das dúas**

20) O Estado español organizase territorialmente en:

- a) **Municipios, provincias e nas Comunidades Autónomas que as constitúan.**
- b) En Comunidades Autónomas.
- c) En municipios e Comunidades Autónomas

21) O conserxe é responsable do material de limpeza que hai nos centros?

- a) Non, as limpadoras controlan o seu propio material.
- b) Si, pero soamente o material para o uso do conserxe, non o das limpadoras.
- c) **Si, en todo caso.**

22) Se ao efectuar unha notificación non houberse persoas no enderezo para recollela:

- a) Vólvese a notificar ao cuarto día.
- b) Vólvese a notificar dentro dos tres días seguintes, e a distinta hora.**
- c) Devólvese á dependencia que o emite, indicando que non había ningún no enderezo.

23) Segundo o artigo 14 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de PACAP, non quedarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, alomenos, os seguintes suxeitos:

- a) As persoas xurídicas
- b) Persoas físicas**
- c) Empregados das Administracións públicas

24) Son funcións do Director do Plan de Actuación de Emerxencias?

- a) O accionamento da alarma
- b) Prestar os primeiros auxilios ás persoas accidentadas.
- c) Declarar a activación do plan e o remate da situación de emerxencia.**

25) A orde do día para a convocatoria dun pleno ordinario debe ser notificado aos/as concelleiros/as:

- a) Con tempo suficiente
- b) Alomenos 2 días hábiles entre a convocatoria e a celebración da sesión**
- c) 1 día hábil entre a convocatoria e a celebración da sesión

PREGUNTAS DE RESERVA

1) O padrón municipal é:

- a) O rexistro administrativo onde constan os enderezos da poboación do municipio.
- b) O rexistro administrativo onde constan os veciños do municipio.**
- c) A base de datos onde constan os nomes dos veciños.

2) A Comisión Especial de Contas:

- a) Existe en todos os municipios.**
- b) Existe nos municipios nos que así o acorde o Pleno.
- c) Existe nos municipios de máis de 1000 habitantes

3) A Xunta de Goberno Local no Concello de Cariño está composta por:

- a) Alcalde, e 1º tenente de Alcalde-presidente
- b) Alcalde, Secretaria e dous concelleiros.
- c) Alcalde e tres tenentes de Alcalde.**



Avenida da Paz, 2
15360 Cariño (A Coruña)
Telf. 981 405 064
Fax. 981 405 029
concello@concellodecarino.com
www.concellodecarino.gal

- 4) Que tres cores empregan as impresoras para facer copias en cor?
- a) Amarelo, cian e maxenta
 - b) Negro, amarelo e cian
 - c) Negro, branco e maxenta